

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

(incorporouse á sesión sendo as 10,25h)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao(BNG)

D^a M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día vinte de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia da Alcalde-Presidente D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria, convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS

ANTERIORES DE DATA 10/10/2016 (ORDINARIO), 28/10/2016 (EXTRAORDINARIA-URXENTE), 21/11/2016 (EXTRAORDINARIA-URXENTE), E 1/12/2016 (EXTRAORDINARIA-URXENTE). ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das actas das sesións plenarias anteriores de datas data 10/10/2016 (Ordinario), 28/10/2016 (Extraordinario-Urxente), 21/11/2016 (Extraordinario-Urxente), e 1/12/2016 (Extraordinario-Urxente).

O Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar os borradores das devanditas actas.

2º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ.

Por Secretaría dáse conta ó Pleno da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

Vista a Orde da Consellería de Política Social, do 22 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa

operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017, publicada no Diario Oficial de Galicia de 05 de xullo de 2016.

Vista a vontade de integrarse na agrupación de Concellos formada por Burela, Alfoz e Lourenzá, aos efectos de solicitar á Consellería de Política Social a prestación do servizo de Atención Temperá a todos os veciños e veciñas das anteditas vilas a partires do exercicio 2017.

Considerando a necesidade de aprobar un convenio para encomendar a xestión do programa ao Concello de Burela de acordo co establecido nos artigos 5 e 5 da Orde do 22 de xuño de 2016 anteriormente mencionada.

Visto o artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público que establece que:

“1.- A realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou entidades da mesma ou distinta Administración, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

As encomendas de xestión non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos regulados na lexislación de contratos do sector público. En tal caso a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto nesta.

2.- A encomenda de xestión non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do órgano ou entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico sen soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

En todo caso, a Entidade ou órgano encomendado terá a condición de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidera ter acceso en execución da encomenda de xestión séndolle de aplicación o disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal.

3.- A formalización das encomendas de xestión axustarase ás seguintes regras:

a)....

b) Cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e entidades de dereito público de distintas Administracións formalizarase mediante sinatura do correspondente convenio entre elas, que deberá ser publicado no BOE, no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, según a Administración á que pertenza o órgano encomendante agás no suposto da xestión ordinaria dos servizos das Comunidades Autónomas polas Deputacións provinciais ou no seu caso Cabildos ou Consellos insulares, que se rexerá pola lexislación de réxime local.

Esta Alcaldía eleva ao Pleno Corporativo a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO: Constituír, ó abeiro da Orde do 22 de xuño de 2016 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017, unha agrupación de Concellos xunto con Burela, Alfoz e Lourenzá ós efectos de solicitar unha subvención para a prestación integral do servizo de Atención Temperá aos veciños das meritadas vilas para o exercicio 2018 e os seguintes que poda durar a prestación do servizo segundo a Consellería de Política Social.

SEGUNDO. Encomendar a xestión do servizo de Atención Temperá ao Concello de Burela en prexuízo da colaboración interadministrativa que proceda no desenvolvemento do mesmo, incluído a facultade para solicitar a subvención a que se refire a Orde de 22 de xuño de 2016 da Consellería de política social, así como, aquelas outras que puideran resultar compatibles coa mesma.

TERCEIRO. Nomear ao Alcalde de Burela D. Alfredo Llano García, a representación única, tanto da coordinación como na interlocución, ante a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, que será quen reciba e xustifique a subvención.

CUARTO. Garantir o financiamento do importe dos custes necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da medida para a que se solicita a subvención. Para este efecto habilitará ás aplicacións orzamentarias necesarias nos sucesivos orzamentos municipais.

De acordo con informe técnico emitido sobre os datos correspondentes o ano 2015, para o ano 2016, ao Concello de Xove corresponderíalle sufragar o 4,12%. Non obstante, dado que a prestación do servizo no Concello de Xove farase efectiva a partires de 2017, esta porcentaxe pode variar tanto en función do número de Concellos integrado na Agrupación coma en función do coste do servizo e da porcentaxe de subvención concedida pola Consellería de Política Social.

Consta no expediente Informe de Intervención conforme existe normalmente crédito adecuado e suficiente nos sucesivos orzamentos municipais que se aproban anualmente para dar cobertura á aportación municipal do Concello de Xove á prestación do servizo de atención temperá a partires de 2017.

QUINTO. Recoñecer expresamente que o Concello de Xove, cumpre cos requisitos, condicións, obrigas e compromisos establecidos na Orde de 22 de xuño de 2016 da Consellería de Política Social, nos termos previstos no artigo 8.3 da Lei 9/2007 do 13 de xuño.

SEXTO. Aprobar a proposta de convenio de colaboración marco para a encomenda de xestión da prestación do “Servizo de Atención Temperá” que a continuación se transcribe:

CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ

No Concello de Burela, a ___ de _____ de 2016.

REUNIDOS:

Os Sr.es. Alcaldes/ás dous seguintes concellos:

- *CONCELLO DE BURELA, D. Alfredo Llano García.*
- *CONCELLO DE XOVE, D. José Demetrio Salgueiro Rapa.*

Actuando en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 dá Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no

ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia o cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O artigo 11.3. b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- O artigo 25.2 g) da Lei 7/58, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, define a atribución de competencia aos municipios na avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Fronte a una interpretación inicial restritiva, da modificación operada na LRBRL pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, o Tribunal Constitucional en sentenza 41/2016 de 3 de marzo de 2016, acada unha concusión distinta ao recoñecer “Las leyes pueden atribuir competencias propias a los municipios en materias distintas de las enumeradas en el art. 25.2 LBRL, quedando vinculadas en todo caso a las exigencias reseñadas (apartados 3, 4 y 5). Así resulta del tenor literal del art. 25.2 LBRL, conforme al que las materias enumeradas son solo un espacio dentro del cual los municipios deben disponer “en todo caso” de competencias “propias”, sin prohibir que la ley atribuya otras en materias distintas.

La interpretación de que las “competencias propias” municipales no son solo las atribuidas dentro de los márgenes del art. 25.2 LBRL resulta igualmente de previsiones generales de la Ley reguladora de las bases de régimen local que han permanecido inalteradas. Así, la precisión de que “las competencias de las Entidades locales son propias o atribuidas por delegación” (art. 7.1 LBRL) y la obligación de que “la legislación del Estado y la de las Comunidades Autónomas, reguladora de los distintos sectores de acción pública, según la distribución constitucional de competencias”, garantice “la efectividad de la autonomía garantizada constitucionalmente a las Entidades Locales” y el “derecho” de “los Municipios, las Provincias y las Islas” a “intervenir en cuantos asuntos afecten directamente al círculo de sus intereses, atribuyéndoles las competencias que proceda en atención a las características de la actividad pública de que se trate y a la capacidad de gestión de la Entidad Local, de conformidad con los principios de descentralización, proximidad, eficacia y eficiencia” (art. 2.1 LBRL). Respecto de este último precepto, la Ley de racionalización y sostenibilidad de la Administración local solo ha incluido un último inciso para añadir la “estricta sujeción a la normativa de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera” como límite a la atribución de competencias locales (art. 1.1, apartado 1).

Debe, pues, excluirse la interpretación de que los municipios solo pueden obtener competencias propias en las materias enumeradas en el art. 25.2 LBRL. Si el Estado quisiera apoyarse en el art. 149.1.18 CE para interferir de modo tan penetrante en las competencias de las Comunidades Autónomas (prohibiendo con carácter general que estas atribuyan competencias propias a los municipios de su ámbito territorial en cualesquiera otras materias), tendría que haberlo establecido expresa o inequívocamente. Por lo demás, semejante prohibición, indiscriminada y general, sería manifiestamente invasiva de las competencias de las Comunidades Autónomas. Consecuentemente, en los ámbitos excluidos del listado del art. 25.2 LBRL, las Comunidades Autónomas pueden decidir si, y hasta qué punto, los municipios deben tener competencias propias, pero sujetándose a las exigencias de los apartados 3, 4 y 5 del art. 25 LBRL; además de a las garantías de autonomía local previstas en la Constitución y, en su caso, en los Estatutos de Autonomía”

Quinto.- A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recolle no seu artigo 3.b que o sistema galego de servizos sociais garantirá a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia, integrando, a estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia. No artigo 4 enumera, entre os principios que rexerán o sistema galego de servizos sociais, os de globalidade e coordinación. No artigo 19 define a intervención social, biopsicosocial, sociolóxica ou socioeducativa que favoreza a adquisición ou recuperación de funcións e habilidades persoais e sociais de face a mellóraa da autonomía, da convivencia social e familiar e da inclusión social, como intervención ou servizo de carácter técnico-profesional incluído dentro do catálogo de servizos sociais. E no seu artigo 12 regula os servizos sociais comunitarios específicos orientados ao desenvolvemento de programas e a xestión de centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando o seu normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. A regulación legal destes servizos desenvolveuse polo Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que no seu artigo 26, apartado d), establece como funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos a atención de persoas con discapacidade a través de centros ocupacionais, así como o apoio psicosocial e familiar vinculado á atención temperá. Ao mesmo tempo, no seu anexo IV, contéplanse a atención psicosocial e familiar vinculada á atención temperá como un dos programas e servizos prioritarios na formulación de programas dos servizos sociais comunitarios municipais, segundo o disposto no artigo 18 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Sexto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns e cidadás en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos, delegando a xestión no Concello de Burela que ostenta a titularidade do servizo dende o ano 1997. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños e veciñas unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Sétimo.- Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida das persoas veciñas, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de

políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que possibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente para o Concello prestador.

Oitavo.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión eficaz na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Noveno.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Décimo.- Con data 05 de xullo de 2016, publícase no Diario Oficial de Galicia, Orde do 22 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017.

Undécimo.- Por todo o anterior, os concellos asinantes **ACORDAN FORMALIZAR UN CONVENIO PARA ENCOMENDAR A XESTIÓN A PARTIRES DE 2017 DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ AO CONCELLO DE BURELA, PRESTANDO COBERTURA INTEGRAL ÓS VECIÑOS/AS DA ENTIDADE LOCAL DE XOVE**, e segundo as seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- **Obxecto.**-O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración, así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do servizo de Atención Temperá obxecto de encomenda ao Concello de Burela, para a súa prestación de forma integral, nos termos da Orde da Consellería de Política Social do 22 de xuño de 2016 publicada no DOG de 05/07/16.

Segunda.- **Ámbito Territorial.**- O ámbito territorial da xestión do servizo será o correspondente aos termos municipais de Burela e Xove, así como, o territorio de aqueles outros Concellos que acorden encomendar a xestión do servizo no Concello de burela.

Terceira.- **Xestión do Servizo.**-O Concello de Burela será o responsable técnico e administrativo da xestión do “Servizo de Atención Temperá”, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Política Social do 22 de xuño de 2016, representando aos Concellos que formalicen o presente convenio en todas as relacións coa Xunta de Galicia.

A tal efecto, o Concello de Burela procederá a realizar a solicitude de subvención ante a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, correspondéndolle a súa xestión integral. Neste sentido, os Concellos que formalicen a encomenda de xestión, delegarán no Concello de Burela as súas facultades para a tramitación administrativa do expediente en nome de todos eles ante a Consellería de Política Social.

Cuarto.- **Obxectivos da colaboración.**-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- O servizo de atención temperá estarán constituídos exclusivamente polo conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, co obxectivo de dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastorno no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.
- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público de Atención Temperá a todos os veciños e veciñas das vilas que aproben o presente convenio.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos veciños e veciñas a unhas servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada, así como, garantir a igualdade no acceso ao servizo de atención temperá.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa
- Valorizar os recursos dispoñibles

Cuarta.- Prestación do servizo e condicións de prestación do mesmo: medios persoais e materiais.

A xestión do servizo será realizada polo Concello de Burela e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade o Concello de Burela ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

A atención temperá desenvólvese como unha atención especializada multidisciplinar, e as actuacións terán un carácter multidimensional e biopsicosocial mediante equipos interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos, que seguirán un modelo metodolóxico común de actuación:

- a) Detección precoz dos trastornos do desenvolvemento ou das situacións de risco de padecelos.*
- b) Valoración e intervención interdisciplinaria e transdisciplinaria a través das fases de acoilleita, valoración, intervención e avaliación.*
- c) Identificación e rexistro do trastorno do desenvolvemento, competencias persoais, factores contextuais, barreiras e facilitadores para o progreso na autonomía persoal e a inclusión social, seguindo o modelo conceptual común da CIF-IX (Clasificación internacional do funcionamento, da discapacidade e da saúde). Esta documentación estará incorporada nun expediente único de acordo co disposto na disposición adicional terceira.*
- d) Elaboración e seguimento dun plan personalizado de intervención e formulación coa familia dun contrato asistencial de actividades e apoios específicos que recolla os dereitos e obrigacións de ambas partes, así como os recursos que se poñerán a disposición de o/da menor.*
- e) Coordinación cos recursos dos servizos sociais, educativos e sanitarios relacionados cos procesos referidos.*

f) *Autonomía persoal: consideración permanente das persoas destinatarias como suxeitos activos das actuacións que traten de facilitar o seu desenvolvemento persoal.*

g) *Atención personalizada: adecuación flexible do servizo ás situacións e necesidades particulares das persoas destinatarias.*

h) *Atención especializada multidisciplinar: as actuacións terán un carácter multidimensional e biopsicosocial mediante equipos multidisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos*

Este servizo integral será prestado por unha pedagoga e unha psicóloga, profesionais pertencentes á plantilla de persoal laboral do Concello de Burela e dependentes deste para a prestación específica do citado servizo.

O servizo prestarase na Casa do Mar situada no Concello de Burela, en horario de atención ao público, contando cunhas instalacións debidamente habilitadas.

O Concello de Burela informará os Concello de Xove de calquera incidencia na prestación do servizo, e ademais, ao final de cada exercicio remitirá unha memoria explicativa na que se reflexerán o número de consultas e consultantes, a procedencia de cada usuaria e os temas obxecto da consulta.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación polo Concello de Burela de novo persoal cando as circunstancias económicas baseadas na realidade social dos termos municipais así o aconsellen, e sempre que o orzamento municipal o permita. A contratación efectuarase de forma directa polo Concello de Burela.

Quinta.- Comisión Mixta. Coordinación.

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituírse unha COMISIÓN MIXTA, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por dous representantes de cada Concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos. A Comisión mixta reunirse en sesión constitutiva no mes seguinte á sinatura do Convenio, e rexerase polo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A Comisión mixta reunirse como mínimo unha vez ao ano, podendo reunirse as veces que estime oportuno para solventar calquera incidencia que poida xurdir.

As súas principais funcións serán:

-O seguimento da xestión da servizo.

-A revisión do catálogo de condicións da prestación do servizo.

-A interpretación do convenio.

-A proposta, no seu caso, de addendas.

-Intervención previa á resolución do convenio por incumprimento.

-Resolver cantas dúbidas se lle presenten aos/as membros integrantes.

-Calquera outra relacionada coa xestión do servizo.

Sexta.-Subvencións e axudas.-

Para a xestión do servizo o Concello de Burela, ademais das axudas anuais convocadas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza ao respecto, poderá solicitar outras axudas, sempre e cando sexan compatibles entre si.

Sétima.- Financiamento.-

Os concellos comprométense a garantir o financiamento do importe dos custes necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da medida para a que se solicita a subvención. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias. A parte non subvencionable, de ser o caso, será asumida por cada Concello en función do seu número de habitantes ao remate de cada exercicio, respecto á poboación total dos Concellos integrantes da agrupación.

De acordo con informe técnico emitido sobre os datos correspondentes o ano 2015, para o ano 2016, ao Concello de Xove corresponderíalle sufragar o 4,12%. Non obstante, dado que a prestación do servizo no Concello de Xove farase efectiva a partires de 2017, esta porcentaxe pode variar tanto en función do número de Concellos integrado na Agrupación coma en función do custe do servizo e da porcentaxe de subvención concedida pola Consellería de Política Social.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous mes dende a resolución de concesión da/s subvención/s a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta dunha memoria xustificativa e económica asinada polo persoal responsable do servizo e a declaración de axudas percibidas.

Oitava.- Causas de resolución.-

O presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo.*
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións.*
- c) Por vencemento do prazo de vixencia.*

Novena.- Vixencia do Convenio.

O presente convenio entrará en vigor aos vinte días seguintes da súa publicación no Boletín Oficial correspondente e terá vixencia anual. Prorrogarase automaticamente por anos naturais, sempre e cando non medie denuncia por algunha das partes de xeito expreso con un mes de antelación.

Décima - Natureza do Convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Undécima.- Normativa aplicable.

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

Duodécima- Xurisdición competente.

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta , en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento.

SÉTIMO: Unha vez conste no expediente a aprobación do convenio por parte dos Concellos interesados, que se publique o acordo co texto do convenio no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 11.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

3º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA EN APOIO DA DECLARACIÓN DO XOGO DOS BOLOS COMO BEN INMATERIAL DE INTERESE CULTURAL, ETNOGRÁFICO DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, dáse conta ó Pleno do escrito presentado polo Presidente da Federación Galega de Bolos, interesando o apoio do Concello de Xove para que os bolos sexan declarados Ben Inmaterial de Interese Cultural-Etnográfico Inmaterial dentro do Patrimonio Cultural de Galicia.

A seguir, dáse lectura do escrito de referencia que a seguir se transcribe integramente:

ISIDRO COSTAS PIÑEIRO, con NIF 36076086B, e enderezo, a efectos de notificación, na sede da Federación Galega de Bolos, na rúa Fotógrafo Luis Ksado 17-2º, Oficina 16 (36209- Vigo), actuando en nome propio e en representación da Federación Galega de Bolos, na súa calidade de presidente.

EXPÓN

O xogo dos bolos está presente nas catro provincias de Galicia, practicándose dende a antigüidade en case todos os nosos pobos, sendo numerosas as variantes e modalidades deste deporte e xogo tradicional. Na actualidade, algúns destes xogos gozan de boa saúde, outros están agonizantes ou case non se practican, e outros moitos xa desapareceron.

Este xogo foi practicado dende a prehistoria, onde se utilizaban como bolos osos ou madeiras, e coma bolas pedras. Como referencia arqueolóxica temos un descubrimento que data do ano 5200 a.C, onde se atoparon 9 obxectos con forma de bolo de alabastro e 4 bolas de pórfido branco e negro. Tamén no ano 2007, un equipo de arqueólogos italianos, descubriron unha boleria empedrada do ano 332 a.C, que data da dinastía Greco-romana.

En Europa aparecen numerosos escritos onde se fala da súa práctica, e onde se menciona que se xogaba dentro das igrexas e monasterios, onde os bolos simbolizaban o mal a cal había que derribar.

Atopáronse tamén numerosos petróglifos galegos nos Concellos de Oia, Rosal e Baiona, que pese a non ter estudos realizados para datar a súa antigüidade, nos indican que son moitas as variantes que existían. Tamén cabe destacar que os Bolos tiveron moitísima forza durante os séculos XIX e XX, practicándose en case toda Galicia durante as festas e feiras que se realizaban, e eran moitas as tabernas que para atraer ós clientes montaban unha boleira.

Tamén foron levados para América pola emigración dos galegos/as os cales levaron o noso patrimonio cultural. Mostras diso son as modalidades que se practican nos Centros Galegos de Arxentina e Uruguai.

Na antigüidade era practicado por todas as clases sociais, dende nobles ata rapaces, proba diso, témola en numerosos escritos que nos deixaron escritores da talla de Cervantes, Lope de Vega, Mateo Alemán, Quevedo, Juan Caro, entre outros, o os dous tapices que se encontran no museo da Catedral de Santiago dá época de Felipe II. Tamén se encontran citados en numerosos escritos realizados pola Igrexa e polo Estado prohibindo a súa práctica.

Fora dunha maneira ou outra, o certo é que os Bolos Celtas chegaron a nosa terra fai moitísimos séculos e entre nos levan dente entón. Como fruto desa convivencia e da súa práctica o longo de

tantos anos estes sufriron unha evolución e unhas variacións que son propias e exclusivas da nosa terra, legado inmaterial dos nosos/as ancestros/as. Deste xeito os Bolos Celtas constituíronse como un patrimonio cultural e etnográfico de necesario recoñecemento e protección.

É COMETIDO DE TODOS/AS NOS E DE TODOS OS ESTAMENTOS PÚBLICOS, E A SÚA DIFUSIÓN, FOMENTO, DIVULGACIÓN E PROTECCIÓN, POIS SE NON LLE POMOS SOLUCIÓN DEIXARAN DE EXISTIR A MAIORÍA DESTAS MODALIDADES NUN CURTO ESPAZO DE TEMPO

Por todo o exposto e como queira que os bolos celtas son un xogo autóctono e milenario na nosa rexión, é polo que

SOLICITAMOS

Que o Pleno deste Concello aprobe a presente moción de apoio para que OS BOLOS SEXAN DECLARADOS COMO BEN INMATERIAL DE INTERESE CULTURAL-ETNOGRAFICO INMATERIAL, DENTRO DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA, co fin de solicitar ao Parlamento Galego esta declaración.

Enterado, o Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda apoiar a declaración polo Parlamento Galego dos bolos como ben inmaterial de interese cultural-etnográfico inmaterial, dentro do Patrimonio Cultural de Galicia.

4º.-PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE XOVE. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Pleno da proposta do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Pola presente e en virtude das funcións legalmente a min conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e en virtude do esixido polo artigo 165 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, logo de ter sido revisado o actual Regulamento de Funcionamento da Escola Infantil Municipal polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social, PROPOÑO AO CONCELLO PLENO a adopción do seguinte acordo de modificación do citado Regulamento para adaptalo ás observacións efectuadas :

ÚNICO: Aprobación da modificación do Regulamento de Funcionamento e Réxime Interior da Escola Infantil do Concello de Xove, co seguinte teor literal:

1.- Modifícase o Preámbulo, quedando redactado como segue:

A Escola Infantil é un centro educativo municipal de primeiro ciclo (0 a 3 anos) xestionada polo concello de Xove para avanzar cara ao obxectivo de que todos os nenos e nenas do municipio poidan ser acollidos/as, coidados/as e educados/as en contextos de calidade, nos que se responda ás súas necesidades, se respecten os seus dereitos, medren seguros/as e integrados/as na súa comunidade e nos que sexan axudados/as a desenvolveren todas as súas capacidades. Este servizo público responde tamén ás necesidades das familias, contribuíndo á conciliación da vida laboral e persoal. Este regulamento, logo de referirse ao obxecto e ao ámbito de aplicación, establece os dereitos e deberes das persoas usuarias deste servizo, tanto dos/as nenos/as como das súas nais e dos seus pais, en base á normativa aplicable. O Decreto 254/211, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros

de servizos sociais, artigo 7 b) do referido Decreto que establece como un dos requisitos funcionais o dispor dunhas normas de funcionamento, segundo o Artigo 20.4 b) do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e o Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil.

2.- Modifícase o Artigo 1, quedando redactado como segue:

A Escola Infantil do Concello de Xove defínese como equipamento diúrno de carácter educativo e asistencial, dirixido ao sector infantil da poboación de ata 3 anos de idade, que ten por obxecto o desenvolvemento harmónico e integral dos/das nenos/as, realizando ademais unha importante labor de apoio á función educativa da propia familia á vez que facilita o acceso dos pais/nais ao mundo laboral.

Datos identificativos

- Enderezo: Avda. Diputación, 42, Xove
- Tlfno: 982.59.24.45
- Fax: 982.59.21.54
- Responsable: María Jesús López Candia
- Titularidade: A Escola Infantil é de titularidade municipal, con nº de inscrición no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais: E-592 C-1
- Representante legal: Demetrio Salgueiro Rapa
- Data do permiso de inicio de actividades: 24/09/07
- Tipo de xestión: directa

O presente Regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Concello de Xove (en adiante, E.I.), co fin de acadar un adecuado funcionamento así como establecer o procedemento de adxudicación de prazas e as condicións do servizo.

3.- Modifícase o Artigo 3, quedando redactado como segue:

1. A Escola Infantil defínese como o equipamento diúrno de carácter educativo e asistencial, dirixido ao sector infantil da poboación de ata 3 anos de idade, que ten por obxecto o desenvolvemento armónico e integral dos/as nenos/as, realizando ademais unha importante labor de apoio á función educativa da propia familia á vez que facilita o acceso dos pais e nais ao mundo laboral.

2. A Escola Infantil conta con 3 unidades autorizadas e 41 prazas: 0-1: 8 prazas; 1-2: 13 prazas e 2-3: 20 prazas.

3. Nas primeiras horas da mañá ou nas últimas da quenda de tarde poderase modificar a distribución das unidades autorizadas pola de agrupamentos, motivado pola ausencia significativa de crianzas no centro.

4. No caso de integrarse nenas/os con necesidades educativas especiais, en ningún caso, poderá haber mais dunha/dun por aula. Para os efectos da ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

5. A ratio de persoal de atención directa ás crianzas será de dúas persoas por unidade en funcionamento naqueles momentos máis significativos da xornada.

4.- Modifícase o Artigo 23, no seu apartado A) quedando redactado como segue:

A) SAÚDE

- *Os/as nenos/as deberán acudir á Escola Infantil en condicións correctas de saúde e hixiene. No caso de ter padecido enfermidades infecto - contaxiosas ou que requiran repouso, solicitarase da familia o certificado médico que acredite que o neno/a ten un bo estado de saúde.*
- *Non serán admitidos no centro os nenos/as que padezan enfermidades infecto - contaxiosas. A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada polos pais, titores ou representantes legais á Dirección do centro coa maior brevidade.*
- *No caso de observarse síntomas dun proceso infecto - contaxioso nos nenos/as no propio centro, informarase á Dirección deste, e avisaranse os seus pais, representantes legais ou titores, co fin de evita-la propagación da enfermidade entre os demais nenos/as. O reingreso no centro só será posible logo de transcorrido o período de contaxio*
- *No caso de enfermidade ou accidente, logo das primeiras atencións, porase esta circunstancia en coñecemento dos pais/nais ou representantes legais, se for o caso, que deberán acudir á escola para se faceren cargo do neno ou nena. No caso de non se poder desprazar á escola, ou de que a circunstancia concreta do accidente ou enfermidade o requirise, a Dirección da escola está facultada para autorizar o desprazamento a un centro sanitario co obxecto de garantir a atención médica axeitada.*
- *A falta de asistencia por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou a outras circunstancias, as familias ou representantes legais será comunicada por escrito á Dirección da escola.*
- *O/a neno/a permanecerá na casa cando tivese máis de 38° C de febre, diarrea (máis de 3 deposicións anormais ao día), vómitos ou enfermidade contaxiosa (rubéola, papeiras, sarampelo, etc.). De aparecerlle calquera destes síntomas mentres permanece na escola será posto en coñecemento dos pais/nais/representantes legais para estes recolleren o/a neno/a o antes posible. No caso de que xurda un proceso febril durante o tempo de permanencia na escola, o persoal tentará reducila por medios físicos, dando aviso á familia.*
- *O persoal da Escola Infantil non administrará medicación ás crianzas. A familia axustará a dose dos medicamentos fóra dos tempos de permanencia na escola. Naqueles casos en que se deban administrar medicinas coincidindo co horario da escola e sempre que a asistencia da crianza sexa autorizada polo médico, estas deberán ir acompañadas das receitas médicas actualizadas. Nelas constará o nome do/a neno/a, o nome do medicamento, a dose e a frecuencia da súa administración. Xunto coa receita deberá achegarse a correspondente autorización por escrito dos pais/nais/representantes legais para a administración.*
- *Nos casos nos que se deban administrar menciñas aos nenos ou nenas e a súa asistencia ao centro estea autorizada polo/a médico/a, a familia axustará a dose fóra dos tempos de permanencia na escola sempre que a mesma non dispoña de persoal sanitario. No caso de que xurda un proceso febril durante o tempo de permanencia na escola, o persoal tentará reducila por medios físicos, de non conseguilo, seguirá as instrucións das autoridades sanitarias previa chamada ao 061, dando aviso ás familias do acontecido.*

5.- *Modifícase o Artigo 24, quedando redactado como segue:*

En canto ao período de adaptación, a escola infantil e as/os educadoras/es tratarán de adaptarse á individualidade de cada neno/a, respectando o seu ritmo e acolléndoo/a con comprensión e cariño, establecendo un clima de boa comunicación, no que os/as nenos/as se sintan entendidos na expresión dos seus sentimentos, deixándolles experimentalos e estando preto deles/as para transmitirilles seguridade.

A planificación do período de adaptación se desenvolverá en base a tres eixes: Incorporación progresiva, proceso individualizado e colaboración coas familias.

A dirección e o equipo educativo da escola informarán e orientarán aos pais e nais, titor/a ou representante legal dos nenos e nenas sobre todo o proceso do período de adaptación, estando en contacto e comunicación permanente coas familias para resolver todas as dúbidas ou problemas que se poidan plantexar.

As normas e recomendacións a seguir durante o período de adaptación serán as seguintes:

- O período de adaptación realizarase durante os primeiros quince días de setembro.

- Para proporcionar seguridade aos nenos ou as nenas será conveniente que se respecten o máximo posible os tempos escolares, tanto na chegada ao Centro como na recollida; así como crear e transmitir actitudes e expectativas positivas con todo o relacionado coa escola, evitando aquelas que poidan xerar angustia ou inseguridade nos nenos e nenas.

- Os/as alumnos/as de novo ingreso serán atendidos dun xeito personalizado. As/os educadoras/es irán valorando a reacción do/a menor a súa nova situación.

Organizaranse os horarios do seguinte xeito: os tres primeiros días a estancia será de media hora, os seguintes tres días dunha hora, tres días mais permanecerán dúas horas e despois deste período procurarase que acudan a escola infantil no horario que consta na matrícula.

- Os/as alumnos/as que xa acudiran en anos anteriores, o primeiro día permanecerán na escola media hora e o segundo día sobre tres horas. A partir do terceiro día acudirán no seu horario habitual.

- Durante este período os nenos ou nenas poderán levar algún obxecto o xoguete ao que lle teña apego para que se lle faga máis cómoda e agradable a adaptación ao novo ambiente.

6.- Engádense un novo artigo, que será o Artigo 30 *NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUTURA DO CENTRO*, quedando redactado como segue:

A Escola Infantil de Xove conta con:

- *Plan de Autoprotección implantado e inscrito no REGAPE.*
- *Póliza de Responsabilidade Civil e de Accidentes.*
- *Póliza de sinistros/danos.*
- *Libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias.*
- *Proxecto Educativo a disposición dos/as pais/nais.*
- *Libro de Rexistro de usuarios/as.*
- *Expediente Individual.*

Aberto o debate, pola Sra. Abad López, Concelleira Delegada de Servizos Sociais, explícanse ás razóns que motivan a modificación referenciada.

Enterado, o Pleno cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura e Meitin Rouco, e coa abstención dos Sres./Sras. López López, López Hermida, Fernández Louzao e Pernas Quelle, acorda aprobar inicialmente o Regulamento de Funcionamento e Réxime Interior da Escola Infantil do Concello de Xove, e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 1 mes, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboeiro municipal de Anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no devandito trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

Neste intre, sendo as dez horas e vintecinco minutos, coa autorización do Alcalde-Presidente, incorpórase á sesión a Concelleira D^a María Rosario Balseiro López.

5º.- PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR D.1 – AR-3 QUE DESENVOLVE O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE XOVE. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde explícase ó pleno os aspectos máis salientables do PERI de referencia, sinalando que é o primeiro paso dunha complexa tramitación que rematará coa conversión dunha área de solo urbanizable en solo urbano no que está previsto edificar vivendas unifamiliares, dando resposta a unha demanda histórica de moitos veciños de Xove.

Polo Sr. López López manifestase que non é de recibo que o grupo municipal do BNG teña que enterarse da tramitación dun expediente de tanta transcendencia por comentarios dos veciños, razón pola cal o seu Grupo vaise abster, xa que non ten coñecemento ningún do contido do expediente.

Rematado o debate, o Pleno cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López e Meitin Rouco, e coa abstención dos Sres./Sras. López López, López Hermida, Fernández Louzao e Pernas Quelle, acorda aprobar inicialmente o Plan Especial de Reforma Interior D.1-AR-3 e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 2 meses, mediante anuncio a publicar no Diario Oficial de Galicia, e nun dos xornais de maior difusión da Provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

6º.- ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO DE 2017. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Pleno do acordo adoptado pola Comisión Especial de Contas de data 15 de decembro de 2016, que a seguir se transcribe integramente:

Por Secretaría dáse conta á Comisión da Proposta de Alcaldía obrante no expediente que a seguir se transcribe integramente:

Tendo sido formado por esta Presidencia o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico de 2.017, con base nos Orzamentos e Estados de Previsión a que fai referencia o artigo 168.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, unha vez informado pola Interventora Municipal, remítase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas, en unión dos anexos e documentación a que fai referencia o citado artigo 168.4 e o 166 do mesmo texto legal, para a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2017 de acordo co establecido no artigo 30 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, tal e como se reflicte no Informe de Estabilidade de data 13 de decembro de 2016 e que ascende a 8.411.798,16 euros.

SEGUNDO.- Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio de 2017 que ascende, no Estado de Ingresos a 8.453.200,00 euros e no Estado de Gastos a 7.491.300,00 euros e está integrado unicamente polo Orzamento do Concello de Xove, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

TERCEIRO.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Xove, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.

CUARTO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

QUINTO.- Dar conta do Informe de cumprimento da Estabilidade Orzamentaria do Proxecto de Orzamento para 2017 e do cumprimento do límite de débeda.

SEXTO.- Dispor a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando

dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

SÉTIMO.- Remitir copia do expediente orzamentario ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia.

Aberto o debate polo Sr. Alcalde Presidente, explícanse os aspectos máis salientables do proxecto de orzamentos é en especial o que se refire ao anexo de inversións.

Enterada a Comisión cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitín Guerreiro e Iglesias Guerreiro, acorda informar favorablemente a aprobación polo Pleno Corporativo da proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

Os Srs. López Hermida e Fernández Louzao abstéñense e manifestan que se pronunciarán no pleno.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde reiteranse os argumentos e explicacións dados na sesión da Comisión Especial de Contas.

Polo Sr. López Hermida manifestase que o Grupo Municipal do BNG vaise abster, non por desacordo coas inversións e proxectos reflectidos no proxecto de orzamento, senón por considerar que un Concello como Xove, cos recursos económicos cos que conta, debería por en marcha programas e medidas pioneiras para resolver outros problemas que está a sufrir a veciñanza, como por exemplo pode ser a pobreza enerxética e non limitarse á xestión ordinaria das competencias tradicionais de todos os concellos.

Rematado o debate, o Pleno cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitín Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López e Meitín Rouco, e coa abstención dos Sres./Sras. López López, López Hermida, Fernández Louzao e Pernas Quelle, acorda aprobar o dictame da Comisión Especial de Contas anteriormente transcrito.

7.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA A PEDIMENTO DO CONCELLO DE VIVEIRO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Pleno do escrito remitido pola Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa, interesando a modificación do Artigo 1 dos seus Estatutos a fin de posibilitar a incorporación do Concello de Viveiro á Mancomunidade.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la modificación do Artigo 1º dos Estatutos da Mancomunidade de Municipios da Mariña Luguesa que quedaría redactado como segue:

Artigo 1. Composición e denominación .- Coa denominación da Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa e integrada polos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Oural, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, o Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, constitúese dita entidade local, ao amparo do establecido nos artigos 135 e seguintes da Lei 5/1997 de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia e na lexislación básica estatal, coa personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos fins específicos nestes estatutos”

8.-INFORME-PROPOSTA DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL, VERBO DA XUSTIFICACIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DAS DOTACIÓNS PRESUPOSTARIAS PERCIBIDAS PARA O SEU FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO DE 2015. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Pleno do informe proposta da Intervención Municipal do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

ASUNTO: INFORME SOBRE XUSTIFICACIÓN DAS ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE XOVE CORRESPONDENTES AO EXERCICIO DE 2015

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante, LB)*
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local*
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais*
- Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, de Financiamento dos Partidos Políticos*
- Lei 38/2003, de 27 de novembro, Xeral de Subvencións*
- Lei 58/2003, de 27 de novembro, Xeral Tributaria*
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante, LRFL)*
- Lei 2/1982, de 12 de maio, Orgánica do Tribunal de Contas (en adiante, LOTC)*
- Base nº 53 das de Execución do Orzamento Municipal para 2.015.*

1.- Dispón o artigo 73.3 da LB que o Pleno consonte aos seus orzamentos anuais poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica.....sen que poda destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial....Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación que poñerán a disposición do Pleno sempre que este llelo pida.

2.- A Base 53 das de Execución do Orzamento Municipal para 2015 expón, en consonancia coa Sentencia núm. 18/2011, de 19 de decembro, da Sala de Xustiza da Sección de Enxuízamento do Tribunal de Contas (en adiante, a Sentenza), que as dotacións económicas só poderán destinarse a sufragar os gastos de funcionamento do grupo municipal, para financiar a actividade e promoción do grupo, relacionados coa actuación corporativa de ditos grupos. Actuación corporativa que se erixe e serve como elemento conformados e xustificados da existencia do propio grupo municipal.

Asímesmo, da conxugación dos artigos 2 e 3 da LOTC e da Disposición Adicional Sétima da mesma lei, co artigo 73.3 da LB, conclúese que estas aportacións non poden servir ao financiamento dos respectivos partidos políticos nin poderán financiar a fundacións nin outras entidades vinculadas ao partido político, sometidas ao réxime de fiscalización e control dos partidos políticos.

3.- Respecto á necesidade de xustificación de tales dotacións, o Tribunal de Contas considéraa como unha obriga implícita ao propio concepto de dotación económica ao formar parte da Conta Xeral do Orzamento Municipal. Indica a Sentenza que aínda cando os grupos municipais ostenten facultades para decidir os destino dos fondos percibidos, as mesmas non son atribucións ilimitadas senón que teñen uns contornos precisos que non poden excederse, sendo ademáis necesario que quen percibe os fondos xustifique o uso dos mesmos. No seu Fundamento Xurídico Décimoquinto a Sentenza sinala que a xustificación debe pechase por exercicio anual....”aos efectos de fixar o posible menoscabo seguiuuse o criterio de computar todos os xustificantes admitidos en cada exercicio e en aqueles casos en que estes excedan da subvención percibida reflexouse como subvención non xustificada a contía de 0 pesetas e non se aplicaron a outros exercicios ao ser subvencións de carácter anual” .

Trátase polo tanto de unha dotación pública e por tanto resulta imprescindible ter claro quen vai xestionar a mesma que neste caso, serán os propios grupos municipais, que á súa vez terán obriga de render contas, xustificando o destino da mesma ante o Pleno da Corporación, se así llelo solicita, xestionándoo cunha contabilidade específica, non estando ademais fóra do alcance da función interventora local (artigo 214 do TRLRFL). A propia Base 53 establece que “ A Intervención Municipal elevará un informe ao Pleno sobre a debida xustificación das dotacións percibidas”. A maior abundamento, non debe esquecerse que para o Tribunal Supremo (STS de 19 de setembro de 2003 e STS de 6 de outubro de 2004) a falta de xustificación mediante as obrigadas facturas, documentos, etc. que constitúen o requisito esencial na rendición de contas, fai surxir un descuberto por alcance, e que o que percibe os fondos debe xustificar o investimento dos mesmos, respondendo deles en tanto non se produza o descargo, ben sexa baixo a forma de xustificación adecuada do seu investimento, ou ben baixo a forma de reintegro das cantidades non investidas.

4.- Análise das contas xustificativas aportadas polos Grupos Municipais da Corporación Local de Xove.

Considerando os fundamentos de dereito que deben presidir a concesión e aplicación das aportacións municipais aos grupos políticos que configuran a Corporación, resulta evidente a indeterminación legal existente (circunstancia esta que afecta tanto aos grupos políticos na aplicación e xustificación das aportacións municipais como ao órgano interventor encargado de fiscalizar as contas xustificativas presentadas) en especial no relativo aos criterios a considerar para determinar qué gastos son susceptibles de ser financiados con cargo a ditas aportacións.

Ante a ausencia de referencias legais explícitas e detalladas a este respecto este órgano interventor vinculou a súa conformidade cos documentos xustificativos presentados á efectiva e directa relación dos gastos xustificados co desenvolvemento da actividade ordinaria dos grupos municipais, non admitíndose polo tanto os documentos xustificativos nos que non se identifique de xeito detallado aos perceptores nin as cantidades correspondentes ou cando non se aporte documento ningún que respalde o gasto.

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

- *Dotación económica percibida en 2015: 8.997,81 euros*
- *Suma dos gastos aceptados como xustificante: 5.737,82 euros*
- *Suma dos gastos non aceptados como xustificante: 0 euros*
- *Contía non xustificada: 3.259,99 euros*

Tal e como establece a Sentenza no seu Fundamento Xurídico Décimocatorce, “.....a ausencia de xustificación suficiente das subvencións (dotacións económicas a partir da Lei 11/1999, de 21 de abril) recibidas constitúe un suposto de alcance nos fondos públicos de acordo co artigo 72.1 da Lei 7/1988, de 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Contas.....a responsabilidade contable é, polo tanto, unha responsabilidade por danos, polo tanto resulta evidente que os perceptores de subvencións, créditos, avais e outras axudas procedentes do sector público resultan obrigados co seu reintegro total ou parcial cando non podan xustificar total ou parcialmente o investimento dos fondos recibidos á finalidade para a que foron outorgados....non existe en cambio unha norma que faga unha enumeración concreta dos gastos que son considerados como tales, nin do que se entende por “xustificación contable”, non obstante, sí está clara a finalidade que deben cumprir e que todo gasto esixe control”.

Procede polo tanto esixir ao Grupo Municipal do Partido Popular e, en concreto, aos seus integrantes ao carecer o grupo de personalidade xurídica propia a pesares de ser o perceptor nominal da dotación, o reintegro da contía de 3.259,99 euros. Non obstante, no escrito presentado polo grupo xunto cos documentos xustificativos en data 16 de novembro de 2016 solíciase o

desconto por parte do Concello da cantidade non xustificada nas próximas aportacións a realizar ao Grupo.

GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

- *Dotación económica percibida en 2015: 3.807,77 euros*
- *Suma dos gastos aceptados como xustificante: 3.860,27 euros*
- *Suma dos gastos non aceptados como xustificante: 8,20 euros*
- *Contía non xustificada: 0,00 Euros.-*

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

- *Dotación económica percibida en 2015: 610,74 euros*
- *Suma dos gastos aceptados como xustificante: 0,00 euros*
- *Contía non xustificada: 610,74 euros*

O Grupo Municipal do P.S.O.E. non aportou xustificantes da dotación percibida. Do mesmo xeito que o sinalado anteriormente para o Grupo Municipal do Partido Popular procede esixir a aquel grupo o reintegro da contía de 610,74 euros, e, con independencia de que o grupo sexa o receptor nominal da axuda, ésta percíbese polos seus integrantes, ao carecer aquel de personalidade xurídica. Polo tanto, caso de non proceder ao reintegro, en canto receptores de fondos públicos son susceptibles de esixírselles responsabilidade contable directa pois serían estes realmente que, no seu caso, incurrirían nas condutas recollidas no artigo 42.1 da LOTC.

CONCLUSIÓNS

En vista de todo canto antecede e na miña labor de fiscalización de todo acto que comporte dereitos ou obrigas de contido económico, PROPOÑO AO CONCELLO PLENO:

1.- Aceptar como xustificada parcialmente a axuda percibida en 2015 polo Grupo Municipal do Partido Popular e, consonte á súa petición, compensar os fondos non xustificadas por importe de 3.259,99 euros, coas aportacións a percibir polo Grupo Municipal a partir de xaneiro de 2017.

2.- Aceptar como xustificada na súa totalidade a axuda percibida polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

3.- Esixir ao Grupo Municipal do Partido Socialista Obrero Español o reintegro total da contía de 610,74 euros ao no ter sido xustificada a axuda concedida polo Concello de Xove durante 2015.

Caso de ausencia de reintegro total, poño en coñecemento do Pleno da incursión en responsabilidade por alcance, debendo darse traslado das actuacións ao Tribunal de Contas.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta de Intervención anteriormente transcrita.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as once horas, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que eu como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa.

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

